

## PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### IES LAURO OLMO 2018 / 2019

#### Índice de Contidos

#### 0. Introducción

“EDUCACION DE CALIDADE. EDUCACION RESPECTUOSA COA DIVERSIDADE”

<b>1. Xustificación Baseada no Contexto</b> .....	15
<b>2. Identificación e Valoración das Necesidades</b> .....	16
Necesidades con respecto ao alumnado.....	17
Necesidades en relación aos pais, nais, titores legais do alumnado.....	18
Necesidades detectadas en relación ao profesorado.....	18
<b>3. Obxectivos</b> .....	18
<b>4. Actuacións, Medidas e Programas</b> .....	20
Medidas ordinarias.....	20
a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.....	20
b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Metodoloxías baseadas no <b>traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión</b> . Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.....	20
c) Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.....	22
d) Desdobramentos de grupos.....	22
e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.....	22
f) Programas de enriquecemento curricular. Medidas de enriquecemento para alumnado con sobredotación.....	23
g) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.....	24
h) Programas de recuperación de materias pendentes. ....	24
i) Programas específicos personalizados. ....	25
j) Programas de habilidades sociais.....	25
<b>Medidas extraordinarias</b> .....	26
a) Adaptacións curriculares.....	26
b) Agrupamentos flexibles.....	27

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.....	27
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.....	28
e) Programas de Mellora da aprendizaxe e do rendemento.....	29
g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.....	31
h) Grupos de adquisición das linguas.....	34
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.....	35
<b>5. Criterios para a Organización e Distribución dos Recursos e a Aplicación das Medidas propostas.....</b>	<b>36</b>
<b>6. Actuacións dos distintos Profesionais en relación ás Medidas deseñadas para o Centro.....</b>	<b>37</b>
INTERNOS:.....	37
Titor/a e equipo de profesorado:.....	37
Profesorado de apoio (PT e/ou AL):.....	38
Orientador:.....	38
Equipo directivo:.....	39
EXTERNOS:.....	39
<b>7. Mecanismos de Coordinación e Colaboración Internos así como con outras etapas educativas e cos Centros Adscritos.....</b>	<b>39</b>
Actuacións de colaboración e coordinación internas.....	40
Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos.....	40
<b>8. Canles de Colaboración coas Nais, Pais ou Titores legais do Alumnado e cos diferentes Servizos Externos ao Centro.....</b>	<b>41</b>
Familias.....	41
Servizos Externos.....	42
<b>9. Protocolos para a Solicitud e/ou Autorización das Medidas Extraordinaria.....</b>	<b>43</b>
Adaptación Curricular Individualizada (ACI).....	43
Proceso de elaboración.....	43
Documento de adaptación curricular.....	43
Solicitud e autorización.....	43
Agrupamentos Flexibles.....	44
Protocolo de actuación.....	44
Apoio do Profesorado de PT e/ou AL.....	45

---

Protocolo de actuación:.....	45
Flexibilización da Duración do Período de Escolarización.....	45
Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).....	46
Procedemento de incorporación ao programa.....	46
Procedemento de admisión.....	46
Atención Educativa ao Alumnado que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.....	46
Protocolo de actuación.....	46
Grupos de Adquisición de Linguas.....	46
Protocolo de actuación.....	46
Avaliación inicial do alumnado.....	47
Grupos de Adaptación da Competencia Curricular.....	47
Protocolo de actuación.....	47
Exención da 2ª Lingua Estranxeira.....	47
Protocolo de actuación.....	47
<b>10. Procesos de Seguimento, Avaliación e Memoria.....</b>	<b>47</b>

## 0. Introducción

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. Artigo 11. *Elaboración e relación co proxecto educativo*. O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. Artigo 11. *Elaboración e relación co proxecto educativo*. Decreto 229/2011 artigo 11,2 e 11,4

LOE. art. 121.1 Decreto 229/201, art. 11.2	concrecións anuais	Decreto 229/2011, art. 11.4
---	--------------------	--------------------------------

1. Os departamentos de orientación, ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo.

### **EDUCACIÓN DE CALIDADE: EDUCACIÓN RESPETUOSA COA DIVERSIDADE.**

#### INTRODUCCIÓN

Aínda que existen movementos de desescolarización, hoxe por hoxe, a escola como institución é o garante para acadar unha boa formación. Un ensino de calidade para todos é o mellor xeito de evitar unha fragmentación social e de asegurar unha convivencia pacífica.

Pero aínda que as medidas legislativas van dirixidas a todos por igual, cada centro docente está dotado dun grao de autonomía que lle permite acadar unha forma de actuar e de xestionar os seus recursos, tanto materiais como persoais que lle é propia, acadando cotas de calidade ben distintas.

Dende a elaboración do Proxecto educativo de Centro ata a programación dunha unidade didáctica inflúen moitos factores.:



- 1- **Estilo de liderazgo do equipo directivo:** cando o equipo directivo fai partícipes a todos os departamentos do funcionamento xeral do centro, da súa planificación, acadáanse avances significativos. Non se trata de que a dirección actúe como abandeirada, deixando atrás ao resto da comunidade educativa. Mais vale avanzar moitos, un pouco, que poucos, moito.  
O clima relacional que se xenera no centro, os grupos afíns, as coalicións negadas, representan a verdadeira realidade comunicativa que se traducirá, nos resultados do traballo en equipo, traballo cooperativo, traballo de programación e planificación, etc.
- 2- Unha comisión de Coordinación PEDAGÓXICA activa, creativa, funcional, con iniciativa ten moito que decir no funcionamento xeral do centro.
- 3- Un **equipo docente** cunha formación axeitada, motivado e dignificado, que conta co apoio do equipo directivo e da administración en xeral, que traballa cun obxectivo común: a formación de persoas responsables e competentes capaces de establecer o seu propio paln de vida.
- 4- Un centro, que non escatima en recursos para acadar-la implicación das **familias** como elemento construtivo e crítico na transformación e mellora da calidade formativa. Un centro que **traballa en rede**, tendo en conta todas as aportacións que pode recibir de fora do contorno propiamente escolar.
- 5- A **consideración do alumno** como persoa única e irrepitible cunhas características cognitivas, afectivo-emocionais e condutuais propias. Válido por si mesmo de xeito incondicional, que require un grao de axuda pedagóxica acorde coa súa situación particular.

Resistimonos a pensar que non existan alternativas Por iso consideramos que se existe unha escola de calidade esa será unha escola **respectuosa coa diversidade**, que asuma distintas responsabilidades a distintos niveis.

### 1- O Proxecto educativo de centro.

No documento PEC recollerase o proceso de toma de decisións asumida por toda a comunidade educativa, respecto das opcións educativas básicas e a organización xeral do centro. Trátase de acadar unha **actuación coordinada e coherente** de tódos os membros da comunidade educativa respecto dos seguintes elementos:

- Opcións educativas ou principios de identidade.
- Obxectivos xerais do centro.

- Relacións de colaboración entre os distintos colectivos que interveñen na educación.
- Estructura organizativa.

Un **PEC de calidade, respetuoso coa diversidade** identificarase polo tratamento global que fai da mesma, que iluminará todo o proxecto, contemplando ao mesmo tempo unha serie de medidas concretas que poñan de manifesto o carácter relativo e interactivo das dificultades de aprendizaxe e das n.e.e., dun xeito consensuado e coherente:

- Recollerá a **dimensión emocional** do proceso ensino/aprendizaxe, antepoñendo a calquera intencionalidade academicista, a formación do alumno como persoa autónoma, cun autoconceito positivo de si mesmo, no que os valores de solidariedade, tolerancia, respecto pola diversidade, etc. sexan o seu sinal de identidade.

- Acordo sobre o proceso de **identificación e valoración das dificultades de aprendizaxe.**

- Respeto pola individualidade**, contemplando propostas curriculares diversificadas, que rachen cos estereotipos ríxidos da importancia dos contidos escolares e asuman o **relativismo e o carácter instrumental** dos mesmos.

- Favorecer a plena **inclusión** e o principio de aprender todos no mesmo sitio, pero ao seu ritmo e segundo o particular estilo de aprendizaxe.

- Valoración e fomento das **actitudes** favorables hacia a inclusión do alumnado traducidas en actuacións concretas: Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, programas de reforzo, Formación Profesional Básica, ...

- Asunción de **modelos metodolóxicos non competitivos**, apostando pola cooperación como o mellor xeito de interacción positiva e valoradora., tanto na relación alumno-alumno, como entre profesores

- Considerar a necesidade da **participación de axentes externos** á escola como pais, voluntarios, etc, no proceso educativo; a través de comisións igualitarias.

- Asumir dun xeito natural que cada alumno precisa un **grao de axuda pedagóxica** determinado e que ten dereito a recibilo, independentemente da magnitude do mesmo.

-Asumir que o lugar do alumno atópase no **entorno menos restrictivo** posible; onde recibirá os apoios necesarios para avanzar no seu proceso de formación; sin limitacións de tempo ou espacio.

- Desterrar o concepto clásico de escola como única entidade formadora a favor do concepto de **comunidade de aprendizaxe**, na que se implican as **familias, concellos, voluntarios e outras institucións**.

Despois dun proceso de reflexión e discusión sería desexable chegar a un PEC consensado e coherente, que se decante polas características anteriores e que asuma un compromiso global de centro coas necesidades do alumnado, traducido na toma de decisións curriculares que impliquen **solucións organizativas e estruturais e non intervencións puntuais** sobre o alumno en particular.

. Cómpre unha valoración das características persoais do alumnado, familiares e contextuais, así como dos recursos materiais e persoais cos que conta o centro para artellar a mellor fórmula de resposta as distintas necesidades detectadas.

## **2- Características dos elementos do currículo dun centro de calidade RESPECTUOSO COA DIVERSIDADE:**

As características de tódos os elementos curriculares veñen condicionadas pola idea que cada un de nos como docentes temos, da escola e dos obxectivos da mesma .

### **a) Elementos persoais:**

A aula debe reflexar a **coherencia dos acordos** e actuacións dos distintos axentes educativos que inciden nos distintos ámbitos da vida do neno.

Debemos rachar na práctica coa identificación de **axentes educativos**, única e exclusivamente como **axentes escolares** e recoller tódas as aportacións que poidan xurdir dende outras instancias como a familia , servicios sociais, sanidade, voluntariado, etc.

O profesorado deixa de ser considerado como o elemento clave do proceso ensino/aprendizaxe. O protagonismo docente virá dado polo **equipo** de profesores e alumnos **como ente global que ensina e aprende diariamente en interacción**. Neste modelo sí ten cabida o papel do profesor como axente dinamizador e coordinador da actividade dentro da aula, o papel do **alumno monitor** dun compañeiro con dificultades ante unha area, o do **alumno experto** nun tema que transmite a súa



experiencia aos demais compañeiros; en definitiva, ten cabida o verdadeiro proceso de aprendizaxe, como proceso de intercambio de ideas.

Sen lugar a dúbidas, este modelo é o mellor xeito de:

- . **Afianzar as relacións** entre profesorado e alumnado e de alumnos entre sí en situacións espontáneas de aprendizaxe.
- . Favorecer a interacción positiva e constructiva entre os alumnos que se traducirán en **actitudes de aceptación, tolerancia e cooperación**.
- . Fomentar a participación activa de todo o alumnado na aula, segundo as súas propias capacidades, intereses e motivacións; aprendendo a **aceptar o feito diferencial** como algo normal e consustancial á condición humana.
- . Diseñar actividades de ensino/aprendizaxe **non sometidas a unha avaliación restrictiva** que penaliza o desenvolvemento do alumnado en aras da comprobación do rendemento en contidos, moitas veces arbitrarios.
- . Introducir a avaliación entre compañeiros e a **autoavaliación** como recursos normalizados non seguidos de penalización algunha; co único obxectivo de fomentar o grao de responsabilidade e intercambio de intereses sobre as distintas áreas curriculares.

En definitiva, o alumnado debe ser o protagonista non só do seu propio proceso de aprendizaxe, senón que tamén ten moito que dicir como elemento docente. **Desperdiciar este recurso formativo é un craso erro que impide que o proceso de ensino gañe funcionalidade e acade as cotas de autonomía e cooperación desexables.**

**b) Elementos materiais e a súa organización.**

Os materiais curriculares non son so o soporte ou medio de instrución, senon que representa unha verdadeira teoría da escola, un medio de codificación da cultura seleccionada como curriculum. Conducen nunha liña determinada as prescricións administrativas e condicionan a interacción do alumno co mesmo.



.Cómpre cambiar o concepto de aula como un espacio cerrado sobre o que únicamente ten total xurisdición o profesor. A aula trata de ser a reprodución sistematizada do medio natural que rodea ao neno na mais ampla dimensión, empregando elementos representacionais simbólicos desa realidade. Na medida en que esa representación teña en conta a **experiencia inmediata do alumnado**, mais facilmente será posible a súa orientación e implicación nas distintas tarefas.

.Os elementos materiais e a organización dos mesmos desempeñarán unha **función, xa non compensadora, senón inclusora** fronte as necesidades do alumnado contemplándose como recursos alternativos que posibiliten o acceso aos contidos mais significativos e funcionais.

.A organización do espacio físico será **flexible** para poder adaptarse as distintas actividades.

Cómpre **diversificar o material**, tendo en conta os distintos niveis de logro a acadar nos distintos obxectivos. Non esquezamos o carácter relativo dos contidos que nos obriga a facer unha selección dos mesmos entre un abano moi amplo de posibilidades, para acadar os obxectivos xerais de etapa. Por iso, o libro de texto de nivel, aínda que válido para unha parte do alumnado, non o é para aqueles que presentan dificultades de aprendizaxe ou outras necesidades transitorias ou permenantes que precisan dunha selección e secuencialización mais personalizada.

.Organización de horarios tendo en conta a **intervención de distintos profesionais no grupo clase**, con algúns ou con todo o alumnado.

.Equilibración dos tempos de traballo en **agrupamentos diversos**: individual, pequeno grupo, gran grupo; para desenrola-las diferentes capacidades e contidos.

### **A aula, un espacio emocional.**

Se ben é certo que a organización do espacio físico-educativo é un elemento importante para favorecer o acceso ao currículo, mais importante é o espacio emocional do mesmo. Un espacio que se pode chegar a percibir como caótico cando o alumno non atopa a suficiente estabilidade e seguridade no proceso de interacción; condicionándose deste xeito todo proceso de ensino/aprendizaxe.

Son moitos os elementos que poden contribuir a que na clase exista un **"ruído emocional"** que impida respostar axeitadamente ante as actividades académicas e nos procesos de relación:

- Baixo autoconceito no alumno.-
- Desadaptación familiar.
- Dificultades na asertividade
- Intereses contrapostos.
- Baixas expectativas
- Indefensión aprendida
- Escasas habilidades sociais.
- Autoritarismo do profesor.
- Carácter pouco amigable do profesor.
- Metodoloxías cohercitivas, desvalorizadoras.
- Falta de confianza na responsabilidade do alumnado.
- Actitude de rechazo da diversidade
- Falta de interese polo aspecto emocional do alumnado.
- Non asumir o carácter relativo dos contidos
- Non ter en conta a dimensión subxetiva do espacio- clase: zonas de interacción e zonas marxinais.
- Ignora-las relacións sociafectivas entre o laumnado.
- Situacións de **acoso escolar**.

O lograr un clima afectuoso e seguro onde o alumnado teña a oportunidade de expresar os seus sentimentos nun proceso de interacción aberto e respetuoso; onde se **silencie o "ruído emocional"** con intervencións destinadas a favorecer as variables anteriormente expostas, será o primeiro paso para acadar os obxectivos fundamentais de formar persoas.

### c) Os Obxectivos e contidos.

Dende unha consideración extensa, non podemos perder de vista o gran obxectivo que o proceso de ensino/aprendizaxe escolar comparte cos demais axentes educativos, sexan formais ou informais: **formar persoas autónomas, seguras, emocionalmente estables, capaces de artella-lo seu propio futuro con decisións responsables.**

Tódos os elementos curriculares , non deixan de ser meros instrumentos para axudarlle a acadar esa meta. É responsabilidade docente seleccionar aqueles

obxectivos e contidos que, partindo da experiencia do alumnado, tendo en conta as súas capacidades, intereses, expectativas, motivacións, etc. o fagan progresar hacia ese obxectivo de referencia. De ahí a necesidade de non deixarnos levar polos libros de texto e realizar unha auténtica e fundamentada selección de contidos.

Debemos evitar que os aspectos curriculares do proceso ensino/aprendizaxe, os distintos obxectivos e contidos académicos (en sentido máis estricto) contradigan o verdadeiro obxectivo da educación, evitando así a incoherencia entre as intencións educativas e os procedementos empregados.

Cómpre someter a análise e reflexión os obxectivos e contidos que neste momento constitúen o currículo oficial e levar a cabo unha selección e priorización dos mesmos, dando cabida e protagonismo a aqueles que representan o corpus dos **valores** nos que pretendemos formar ós nosos xóvenes e os **obxectivos experienciais** que implican unha actividade constructiva, interactiva, significativa e funcional, que permiten resultados diverxentes e unha avaliación personalizadora e idiosincrática, máis acorde cunha perspectiva ecolóxica do proceso de ensino.

En definitiva, obxectivos e contidos deben ser negociados no seo da aula a través dun proceso dialóxico serio de discusión e reflexión, no que o alumno ten moito que dicir. Esquecemos o modelo de alumno reactivo e paciente do proceso de aprendizaxe e ofrezámoslle a posibilidade de crecer en responsabilidade, facendoo partícipe do seu propio proceso de formación. **Só deste xeito deixarían de ter vixencia as palabras de Postman e Weingartner** "...a única aprendizaxe realizada na aula é aquela que a mesma estrutura da clase transmite. ¿Cales son esas aprendizaxes?. ¿Qué mensaxes son estes?... A aceptación pasiva das ideas é mellor que a crítica positiva, a investigación está máis aló do alcance dos estudantes, a memoria é a forma máis alta de triunfo intelectual e o fin da educación é recordar unha colección de feitos inconexos, hay que confiar e valorar máis a voz da autoridade que o propio criterio; as ideas propias e as dos compañeiros de clase son incongruentes; **os sentimentos non contan na educación**; toda pregunta ten sempre unha resposta acertada, simple e clara."

#### d) Avaliación

Este é o tema máis polémico e controvertido na perspectiva inclusiva respecto do tratamento da diversidade.

Unha aula que asume o feito diferencial dende unha postura de respecto, comeza por entender que cada alumno é único e irrepetible e por conseguinte todos sen excepción teñen o mesmo dereito a recibir un ensino adaptado as súas posibilidades, e avaliado resepecto do punto de partida.

.Unha aula integradora e inclusiva debe **evitar unha avaliación sinaladora** das incapacidades, e o papel competitivo e selectivo da mesma.

.Unha **avaliación correctora** das deficiencias do proceso ensino/aprendizaxe

.Unha **avaliación valoradora** que resalte os aspectos positivos do proceso de aprendizaxe.

.Unha **avaliación informativa** e orientadora da dirección do proceso formativo.

.Que teña en conta non só o rendemento nas distintas áreas curriculares, senón **as actitudes, capacidade de esforzo e traballo persoal**.

.Destacarase o papel da **avaliación inicial**, como recurso para establecer a liña base dos coñecementos e destrezas previas que posúe o alumnado para enfrontarse a unha nova aprendizaxe.

.Practicarase a **autoavaliación** como medida de autocoñecemento do alumno, tanto na dimensión académica como persoal.

#### **e) Metodoloxía e actividades.**

"A mellor axuda pedagóxica é probablemente a que se traduce en niveis distintos de axuda e directividade segundo os casos, sendo polo tanto, pouco aconsellable, prescribir un método de ensino, no senso habitual do termo, como o único ou o mellor.

-Unha das características metodolóxicas non sempre tida en conta é o **valor do erro** como recurso para acceder aos coñecementos verdadeiros. Se é que tal calificativo se pode empregar;.. "Non ten sentido utilizar o erro con sentido punitivo" "...Quen se equivoca no proceso de aprendizaxe non merece castigo, senón explicación e aclaración". (De la Torre, S. 1993). Propón o autor un cambio dende a pedagogía do éxito tan arraigada no sistema de ensino, á <<**pedagogía do erro**>>, no que ve un elemento constructivo e innovador, considerado como un "desaxuste entre o esperado e o obtido; un indicador do proceso que hai que aceptar e analizar, non sancionar.

- **Traballo cooperativo.**

- Metodoloxía **globalizadora**

- Estas liñas metodolóxicas podense concretar nun sistema de traballo por **proxectos e talleres** que constituen en si mesmos un xeito de concebir o proceso de ensino/aprendizaxe onde as nocións de globalización e significatividade da aprendizaxe son esenciais.

- Cómpre seleccionar actividades, que beneficiando a todo o alumnado, beneficien particularmente a aqueles que presentan dificultades, posibilitando **un nivel de execución gradual** das mesmas.

-Priorizar métodos que favorezan a **experiencia directa, a reflexión, a expresión e comunicación**. Métodos que poñan de manifesto o papel activo do alumno.

-Planificar actividades que aborden os mesmos contidos a través de modalidades ou **linguaxes diferentes** e que requiran o emprego de distintos procesos e estratexias de aprendizaxe.

-Favorecer as estratexias que potencien a **motivación intrínseca**, baseada na funcionalidade das aprendizaxes.

-**Normalizar na aula o feito de que distintos alumnos realicen distintas tarefas ao mesmo tempo**, elixidas por eles mesmos ou propostas polo profesor. Asumir este principio metodolóxico equivale a apostar definitivamente por un ensino integrador de feito, materializando tódas as declaracións de boas intencións, que na meirande parte das veces non pasan de ser eso.

A atención á diversidade é o mellor indicador da calidade educativa. Superados xa aqueles momentos nos que se entendía que o concepto diversidade so afectaba ao alumnado con necesidades educativas especiais, chegamos á situación actual na que consideramos que o alumnado é diverso por natureza e que cada quen necesita un grao determinado de axuda e atención.

Moitas medidas que inicialmente se restrinxían ao ámbito de N.E.E., acabaron xeneralizándose na aula e no mesmo centro, despois de comprobar que poderían ser beneficiosas para o conxunto do alumnado. Deste xeito moitas medidas específicas de tipo metodolóxico pasaron a incorporarse ao curriculum ordinario.

O proceso de integración dende que se iniciou no ano 85 co Plan experimental de integración, supuxo un punto de partida importante na consideración das diferencias

individuais e na investigación por acadar metodoloxías, técnicas e recursos que redundarían na mellora da calidade educativa xeral anos mais tarde.

Unha escola respetuosa coa diversidade será unha **escola de calidade**, capaz de ofrecer a cada quen o grao de axuda que necesita en función das súas necesidades.: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, nivel de competencias, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais...*

Pero as veces existen necesidades que non se poden satisfacer con **actuacións ordinarias de calidade**

- Por presentar necesidades educativas moi especiais (NEE: alumnado que requira por un período determinado medidas extraordinarias pola súa condición de discapacidade intelectual, motora, comunicativa, etc., trastornos de conduta...
- Por presentar dificultades de aprendizaxe graves
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais e/ou de historia escolar.

En todos estes casos, despois da identificación das necesidades e a valoración psicopedagóxica pertinente, plantexanse medidas mais ou menos específicas respecto de recursos persoais, materiais, organizativos...

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)**, que formará parte do **Proxecto Educativo (PE)** do que xa falamos anteriormente,, amparase na seguinte base normativa:

- **LOE**: no seu **preámbulo** sinalase que a atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades.

No **artigo 22**, referido aos principios xerais da educación secundaria obrigatoria, indícase que esta etapa organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

- **Decreto 133/2007** polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, no artigo 13, apartado 2 sinalase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á

diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.

• **Decreto 229/2011** régúlase a atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na etapa da educación secundaria obrigatoria.

### 1. Xustificación Baseada no Contexto

É unha preocupación xeneralizada dentro da comunidade educativa do IES "Lauro Olmo" acadar o maior grao de calidade na formación persoal e na oferta curricular: obxectivos, contidos, tarefas, recursos persoais e materiais, de cara á consecución das **competencias** necesarias para acadar persoas formadas, responsables, capaces de establecer o seu plan de vida do xeito mais satisfactorio posible e integrarse nesta sociedade da comunicación e da información, sendo portadores dos valores que aseguren unha convivencia democrática, tolerante igualitaria e solidaria. A actual coxuntura de crise demostranos que os xovenes deben desenvolver outros hábitos e destrezas que lle faciliten o acceso ao mundo laboral: **creatividade, decisión, imaxinación, autonomía, presentación de proxectos, seguridade persoal, capacidade de comunicación...**

O IES "Lauro Olmo" de O Barco abrangue unha poboación de procedencia urbana e semirural, á que se incopora un importante colectivo de persoas inmigrantes, procedentes de países, sobor de todo, latinoamericanos. Conta cun centro **adscrito o CEIP "Condessa de FENOSA" Polo tanto os alumnos/as do CEIP "Condessa de Fenosa" son os que potencialmente serán alumnos/as, así mesmo, do IES "Lauro Olmo".**

A grandes rasgos este centro adscrito caracterízase por ter un alumnado moi diverso. As unidades familiares dos nenos/as escolarizados neste centro posúen nacionalidades moi variadas: portugueses, brasileiros, ecuatorianos, colombianos, dominicanos, arxentinos, uruguaios, eslovacos, rumanos, marroquís...

Así mesmo este colexio foi nomeado de **escolarización preferente para alumnado con necesidades educativas especiais**, polo que son moitos os casos que se poden atopar no centro, de nenos susceptibles dunha atención específica por parte dos especialistas de apoio.



Pódese dicir que un sector maioritario do alumnado está composto por familias que proceden de niveis socioeconómicos medio-baixos, aínda que existen excepcións.

Existe unha alta porcentaxe de parellas xovenes nas que, en moitos casos, ámbolos dous pais traballan fóra da casa. Tamén son cada vez máis frecuentes núcleos familiares distintos ós habituais: familias monoparentais, pais separados...

O IES "Lauro Olmo" nítrese en gran medida dos alumnos deste centro, coas particularidades as que antes faciamos mención, na ESO.

No resto das etapas educativas a procedencia é diversa.

O alumnado distribuese en distintas etapas educativas:

- ESO
- FPB (Formación Profesional Básica)
- BACHARELATOS
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (Electromecánica de vehículos, xestión administrativa, perruquería, Coidados auxiliares de enfermería, atención á dependencia.
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (Administración e finanzas)
- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS.
- EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS.

## 2. Identificación e Valoración das Necesidades

**- Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade presente nos centros educativos en consonancia co establecido na Lei Orgánica de Educación, que a converte nun dos eixos fundamentais e en particular no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo a través da...:**

- Identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado.
- Revisión das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo, especialmente daquel con necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.

- Proposta de iniciativas que suporían a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Asesoramento aos departamentos didácticos e aos equipos de ciclo para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
- Establecemento de canles de coordinación entre orientadores e orientadoras dos centros de primaria e secundaria, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade, tanto a nivel de recursos persoais como materiais.

Todo isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- **Programa Ponte de Primaria a Secundaria**
- Na avaliación inicial, a comezos de curso e dirixida a toda etapa da ESO e PFB.
- Nas xuntanzas da avaliación trimestrais.
- Seguimento titorial ao longo do curso.

### ***Necesidades con respecto ao alumnado***

#### **ORGANIZACIÓN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE : ACIs e REFORZOS. 018-019**

Coa fin de axilizar a prestación de apoios ao alumnado con **ACI** e de **Reforzo Educativo**, dende o Departamento de Orientación comunicamos a relación de alumnado que como mínimo sairán da súa aula para traballar coas profesoras de PTE e AL.

#### **ORGANIZACIÓN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 18-19**

ALUMNADO 1º ESO CON MEDIDAS DE APOIO (**RE ou ACI**). Tránsito de primaria (CEIP "Condessa de Fenosa" á ESO (IES "Lauro Olmo". 18/19

Non figuran polo protocolo de protección.

### ***Necesidades en relación aos pais, nais, titores legais do alumnado***

- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización e ofrecerlle ao alumno/a as **condicións físicas e emocionais positivas** no medio familiar.
- Colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes.
- Maior **comunicación co centro** educativo (reunión de presentación do novo curso, entrevistas individuais no primeiro trimestre e ao longo do curso).
- Implicación dos pais/nais para participar nas actividades organizadas polo centro e propostas por eles mesmos.
  - Participación nos **ENCUNTROS FAMILIA-ESCOLA** organizados dende o Departametro de orientación. (Ciclo de conferencias ao longo do curso sobre temática educativa a través de recoñecidas personalidades da psicoloxía, socioloxía, Educación).

### ***Necesidades detectadas en relación ao profesorado***

*. Profesorado de gran mobilidade que debe poñerse ao día na dinámica do centro*

- Necesidade da **mais profesorado de apoio** para prestarlle atención complementaria a aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e que requiren un escaso grao de axuda para seguir con éxito o curriculum ordinario.
- . Necesidade de reducir a ratio profesor/alumno, sobre todo no primeiro ciclo da ESO.
- Necesidade de continuidade do profesorado de PT e AL que prestan os apoios.

### **3. Obxectivos**

- Aceptar e valorar as **diferenzas do alumnado**, sexan culturais, persoais ou de competencias, como un feito de enriquecemento na comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta as características e necesidades do alumnado.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía, estratexias educativas.....

- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc

#### ACTUACIÓNS:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para **promover a convivencia**, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a **acción tutorial e orientadora** por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceson educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

#### **4. Actuacións, Medidas e Programas**

Enténdese por **medidas de atención á diversidade** aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

##### **Medidas ordinarias**

Son medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas

medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

##### **a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios:

Normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

No primeiro claustro do curso serán concretados e aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do alumnado así como a comunicación do número de grupos de cada materia.

No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:

- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
- Organización flexible da aula.
- Facilitación do acceso do alumnado aos diferentes espazos e instalacións: laboratorios, departamentos didácticos, departamento de orientación, biblioteca do centro, ximnasio, etc.

##### **b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

No mes de setembro as xefaturas dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente.

Así mesmo, cada profesor/a, desde a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a **avaliación inicial** dos diferentes grupos, en:

**Nos obxectivos e contidos:**

- Adecuando os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisando cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionando e **priorizando** aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecendo secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

**Metodoloxía:**

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o alumnado. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes **tipos de agrupamentos dentro da aula** para atender á diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo en común.
- **Titorización** nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Aprendizaxe por **proxectos**.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos moi determinados e breves que favorecerán a seguridade do alumnado.

**Actividades:**

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades **secuenciadas segundo a súa dificultade** (cada alumno/a vai realizando e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxado).

**Aviación:**

- Realización dunha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Selección de técnicas e **instrumentos de avaliación múltiples e variados**.

- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Contextualización dos criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos

### **c) Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.**

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deberá realizar, corrixilas e avalialas.

Os pais, nais, ou titores legais deberán ser informados pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

Para atender esta aula a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

### **d) Desdobramentos de grupos.**

É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo moi numeroso para prestar unha atención máis individualizada ao alumnado.

Priorizaranse, de ser necesario, nas áreas instrumentais nas materias de linguas e matemáticas e nos primeiros cursos da ESO.

### **e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de **reforzo educativo** non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a

continuación:



1. Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden segui-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
2. Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.
3. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

Na área de **educación física** cando existan problemas que limiten a práctica motriz, e segundo o contemplado nas programacións de área, será necesario presentar un certificado médico oficial para poder realizar as medidas de reforzo educativo oportunas.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non Terán constancia no libro de escolaridade.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo serán un requisito previo para a participación deste nun programa de diversificación curricular na Educación Secundaria Obrigatoria.

Con respecto ao apoio ao alumnado con necesidades educativas, sempre e cando haxa **profesorado con dispoñibilidade horaria**, este poderá realizar tarefas de apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

#### **f) Programas de enriquecemento curricular. Medidas de enriquecemento para alumnado con sobredotación.**

Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas como un contínuum que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á **adaptación curricular individualizada**, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa. Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

1. As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.
2. A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

**g) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.**

Os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e matemáticas) estarán baseados nos mínimos exisibles das áreas para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

**Están dirixidos a alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais, ou aquel que repita 2º curso.**

O alumnado que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

Para a avaliación de alumnado que participe nestes programas, os departamentos didácticos establecerán, na súa programación, o procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

A impartición das linguas galega e castelá corresponderalle preferentemente ao profesorado dos departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Francés, Latín e Grego; a impartición da área de Matemáticas corresponderalle preferentemente aos departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Tecnoloxía.

**h) Programas de recuperación de materias pendentes.**

No suposto de alumnado que promocione a 2º curso coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, poderase establecer un programa para a recuperación das aprendizaxes das ditas materias.

As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que impartido programa.

O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de lingua estranxeira.

#### **i) Programas específicos personalizados.**

O alumnado repetidor de 1º ou 2º curso seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial.

Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

Os programas específicos personalizados deberán contemplar, ademais a posible **incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas** ou de recuperación doutras áreas, tal como acontece neste centro.. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

O alumnado repetidor de **3º ou 4º seguirá un programa específico personalizado** nas mesmas condicións que o alumnado de 1º e 2º curso, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou recuperación.

Corresponderalle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo departamento correspondente e comunicarllo ao profesorado titor que deberá facerllo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

#### **j) Programas de habilidades sociais.**

No centro existen tres programas de habilidades sociais.

- Un "Programa básico de habilidades sociais" que forma parte do Plan de Acción Titorial; ten un carácter máis preventivo; e está dirixido ó conxunto do alumnado.
- O "Programa de habilidades sociais para o alumnado remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia", e o "Programa de habilidades sociais para o alumnado sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ó centro",

Estos programas aparecen recollidos na **Circular 8/2009**, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de educación

secundaria obrigatoria, como accións a desenvolver nos centros para favorecer a mellora da convivencia.

O "Programa de habilidades sociais, para o alumnado remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia" posúe un carácter reactivo ou correctivo, e necesitará dunha intervención máis individualizada co alumnado por parte do orientador do centro fundamentalmente, pero coa colaboración se é preciso, de diferentes membros da comunidade educativa.

### **Medidas extraordinarias**

#### **a) Adaptacións curriculares.**

Entendese por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada ciclo ou, no caso do 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria, para cada curso.

Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

#### **Condicións:**

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

1. Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
2. Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais,

non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

3. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro.

4. Terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria no que poderán desenvolverse só nun curso.

5. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

#### **Normativa:**

- **Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro de 1995)**
- **Disposición Adicional Quinta da Orde do 30 de setembro de 2004**
- **Artigo 5º da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 7 de xaneiro de 2008)**

#### **b) Agrupamentos flexibles.**

Convén, en determinados casos, establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental como é o caso das linguas e as matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada.

#### **Normativa:**

- **Circular 9/1999 da Dirección de Ordenación Educativa e Formación Profesional**

#### **c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**

O profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe exercerán as súas funcións en todas as etapas educativas que se impartan no centro desenvolvendo as seguintes funcións:

- Participando na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con n.e.e.
- Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación das ACI, así como das medidas de reforzo, se é o caso, daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestándolle atención docente directa ao alumnado con n.e.e., atención que en xeral se prestará no grupo no que está integrado. A cualificación na materia do alumnado será responsabilidade do profesorado da área.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado de pedagogía terapéutica serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor ou titora do grupo ó que pertence o/a alumno/a. A coordinación desas actuacións correspóndelle á xefatura de estudos do centro, e a súa autorización á Dirección do centro.

#### **Normativa:**

- **Artigo 7º da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo de 1998)**
- **Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21 de decembro de 2011)**

#### **d) Flexibilización da duración do período de escolarización.**

A escolarización en educación secundaria obrigatoria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente. En ningún caso se poderá permanecer en educación secundaria obrigatoria máis alá do ano natural en que se cumpran os dezanove anos, agás en unidades ou centros de educación especial, que se poderá prolongar ata o ano natural en que se cumpran os vinte e un de idade.

A escolarización do alumnado a tempo completo nunha unidade de educación especial poderá prolongarse un cuarto ano en educación secundaria obrigatoria, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e respectando o límite de 21 anos cumpridos no ano natural en que remata o curso escolar.

#### **Medidas de aceleración para alumnado con sobredotación intelectual**

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal. É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

1. Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
2. Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos. As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para que non se traduzan nun mero adianto de curso. Precisa



obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto cocorrespondente ditame de escolarización.

#### **Normativa:**

- **Orde do 28 de outubro de 1996** (DOG do 28 de novembro) polo que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con nee asociadas a sobredotación intelectual.

#### **Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos.**

De acordo co artigo 61 do **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

#### **Normativa:**

- **Orde do 27 de decembro de 2002**. (DOG, 30/01/03).
- **Orde do 28 de outubro de 1996**. (DOG, 28/11/1996)
- **Orde do 12 de xullo de 2011**. (DOG do 15/7/2011).

#### **e) Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).**

Os **programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento** constitúen unha das medidas de atención á diversidade que se inspira, entre outros, no principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Posibilitan unha organización dos contidos, actividades e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, así como unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado que acceda a estes programas adquirir as competencias básicas, alcanzar os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, despois de cursar 4º ESO en agrupamento ordinario.

#### **Estrutura dos programas.**

1. O currículo dos programas de diversificación deberá incluír na súa estrutura os seguintes ámbitos e materias:

a) Un ámbito específico de carácter **Socio-lingüístico**, que incluír á elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao segundo e terceiro curso da etapa das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura. A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa



relevancia social e cultural, a súa funcionalidade e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

b) Un ámbito **científico-matemático**, que incluírá elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao segundo e terceiro curso da etapa das materias de matemáticas, bioloxía e xeoloxía e física e química. A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa relevancia social e cultural, a súa funcionalidade e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

c) As materias do segundo curso: lingua estranxeira, educación plástica e visual e educación física.

d) As materias do terceiro curso: lingua estranxeira, música e educación física.

e) A materia de tecnoloxías, con carácter eminentemente práctico, que incluírá os contidos básicos correspondentes ás materias de tecnoloxías do segundo e terceiro curso

f) Unha materia optativa elixida entre aquelas que oferte o centro para os cursos terceiro.

g) A materia de relixión, nas condicións establecidas para todo o alumnado.

2. As materias de música, educación plástica e visual, educación física e relixión, así como a optativa, serán cursadas co grupo de referencia.

Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos a que corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro. O alumnado deberá encontrarse nalgunhas das seguintes situacións:

Para o curso 2018/2019, polo que a atención á diversidade se refire continuamos co Programa de **Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento** (Resolución do 27 de xullo de 2015. DOG 29 de xullo de 2015), medida extraordinaria, destinado a aquel alumnado que presente **dificultades significativas da aprendizaxe** e que se atope nalgunhas das seguintes situación:

- 1- Ter cursado por primeira vez 1º da ESO, tendo repetido en primaria; ou que cursou por segunda vez 1º ESO e non está en condicións de promocionar a 2º ESO.

- 2- Ter cursado 2º da ESO. Ter repetido alguna vez en calquera das etapas e non estar en condicións de promocionar a 3º da ESO.
- 3- Con carácter excepcional para o alumnado que ten cursado 3º ESO pero non está en condicións de promocionar a 4º ESO, debendo repetir curso.

### **Grupos:**

O numero mínimo de alumnos será de 5 e o máximo de 10.

**Normativa:** RESOLUCIÓN de 15 de julio de 2016, de la Dirección General de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por la que se dictan instrucciones para la implantación, en el curso académico 2016/17, del currículo establecido en el Decreto 86/2015, de 25 de junio, de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato en los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia.

**g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.**

#### **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza alguna enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Administración educativa, de acordo co procedemento que se estableza.

A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

#### **Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.**

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da **Lei orgánica 5/2000**, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

#### **Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.**

A consellería con competencias en materia de educación desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciará a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou **entidades sen ánimo de lucro**, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

A consellería con competencias en materia de educación garantiralle ao alumnado asignado a familias acoledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urgente.

#### **Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.**

A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da **Lei 11/2007**, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a

escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

Dende o curso 15/16 vimos desenrolando actividades sistematizadas, encamiñadas a identificar calquera indicio de acoso escolar. Empregamos o **cuestionario de Avaliación de Acoso Escolar** de Piñuel y Oñate en todos os cursos da ESO.

#### **Alumnado pertencente a familias itinerantes.**

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado.

A consellería con competencias en materia de educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe. O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo ao outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo de petición deste, a información pertinente.

#### **Atención educativa a mozas embarazadas.**

A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da **Lei 5/2010**, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está

escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

#### **h) Grupos de adquisición das linguas.**

Durante o presente curso, durante a semana do 11 de febreiro de 2019, vimos de escolarizar dos alumnos, procedentes de Marruecos e de Senegal.

Considerarase alumnado obxecto destas medidas aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, trala correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
- b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.
- c) Presentar graves dificultades de adaptación ó medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autoriza-la ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporárase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.

Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, no último curso da educación infantil. O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

#### **Horarios.**

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de **24 períodos** lectivos na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilita-la integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, na educación primaria, e de educación física, música e educación plástica e visual, así como no período de titoría, na educación secundaria obrigatoria. No caso do último curso da educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria, ademais das actividades específicas que se poidan desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

### **Profesorado.**

O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico. O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación. A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisión sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas. Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

### **i) Grupos de adaptación da competencia curricular.**

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular só se poderán desenvolver no segundo e terceiro ciclo da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ó mesmo curso ou ciclo.



## **Horarios.**

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos no segundo e terceiro ciclo da educación primaria, e de 10 na educación secundaria obrigatoria.

Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ó seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abranguela totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

## **Profesorado.**

Na educación secundaria o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.

O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesión de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, a emisión das cualificacións corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado. Así mesmo, os pais ou persoas responsables do alumno serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

## **5. Criterios para a Organización e Distribución dos Recursos e a Aplicación das Medidas Propostas**

### **Criterios organizativos e distribución de recursos:**

- Estas actuacións organízanse dentro do horario xeral do centro, flexibilizando o horario e o agrupamento do alumnado.
- Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervén no proceso educativo do grupo, clarificando as funcións que corresponden ao titor/a, ao equipo de profesorado e, se é o caso, ao profesorado de apoio.
- As intervencións específicas, levadas a cabo polo especialista de pedagogía terapéutica, realizaranse naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contando co informe previo da xefa do departamento de orientación.



O procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será o seguinte:

- Durante o curso anterior recabarase información sobre posibles necesidades detectadas nos grupos da ESO, a través das reunións da xefatura de estudos cos titores/as e a orientador, dos resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso, das diferentes sesión de avaliación e dos resultados das probas de diagnóstico.
- **Aínda que en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades hai que establecer os apoios e reforzos oportunos, será na 3º sesión de avaliación onde se concrete que medidas de atención á diversidade, de cara ao próximo curso, garantirán unha resposta axeitada ás necesidades detectadas do alumnado.**
- Nesta reunión realízase a selección do alumnado para cada medida e comezarase a informar ás familias.
- No mes de setembro, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai dispor o centro, decídese as medidas de atención á diversidade de cara ao presente curso. Dita proposta formará parte da programación xeral anual.
- Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado. Se se detectan graves carencias no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao departamento de orientación (necesitarase o protocolo de derivación) para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

## **6. Actuacións dos distintos Profesionais en relación ás Medidas deseñadas para o Centro.**

### **INTERNOS:**

#### **Titor/a e equipo de profesorado:**

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar co xefe do departamento de orientación a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.

- Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

#### **Profesorado de apoio (PT e/ou AL):**

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe do orientador do centro.
- Axudar ao profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

#### **Orientador:**

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica.
- Deseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.

- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe. Elevar esta proposta á xefatura de estudos.
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

#### **Equipo directivo :**

- Dispor e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.

#### **EXTERNOS:**

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

#### **7. Mecanismos de Coordinación e Colaboración Internos así como con outras etapas educativas e cos Centros Adscritos**

Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as función que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade.

### **Actuacións de colaboración e coordinación internas**

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno
- Reunións dos órganos colexiados
- Reunións do Departamento de Orientación
- Reunións dos Departamentos Didácticos
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ó alumnado con NEE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións e contacto fluído dos titores co orientador.

O intercambio de información coas familias e as actuacións vinculadas a esta tarefa, tamén afectan á estrutura organizativa e funcional do centro e reflíctense no apartado 8.

### **Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos**

En relación ós centros adscritos resáltase:

- O contacto continuo da dirección do IES cos centros de Primaria adscritos, o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...
- Reunións periódicas cos/as orientadores/as de Primaria para:
  - Propoñer actuacións conxuntas a realizar (as cales se contemplarán no plan de orientación anual).
  - Avaliar conxuntamente as actuacións realizadas e reflectilas na memoria anual, para que servan de punto de partida a novas actuacións.
  - Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
  - Facilitar o intercambio de información sobre ACNEAE.
  - Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos Departamentos.
  - Compartir recursos (probos psicopedagóxicos, material bibliográfico, etc.)
  - Facilitar a **transición do alumnado do último curso de primaria a 1º da ESO**.
- Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias.
- Charlas e folletos informativos, dirixidas ó alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.
- Contacto cos centros que ofrecen unha opción formativa ou profesional ó noso alumnado unha vez rematada a ESO.

## 8. Canles de Colaboración coas Nais, Pais ou Titores legais do Alumnado e cos diferentes Servizos Externos ao Centro

Garantir una axeitada atención á diversidade esixe que existan vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación en distintos ámbitos e niveis.

Para dar resposta á diversidade considéranse esenciais todas aquelas actuacións organizativas que repercutan no proceso de ensino e aprendizaxe. Da mesma maneira, hai que facilitar que todos os profesionais teñan fácil acceso ós medios de comunicación (ordenador, fax, teléfono, carta,...) e deseñar os protocolos necesarios que faciliten o intercambio de información (parte de comunicación de faltas de asistencia, partes de incidencias, informe escolar, modelo de solicitude de demanda de intervención,...).

### **Familias**

Algunhas das iniciativas que ilustran o modelo de comunicación e intercambio de información coas familias fanse visibles a través das seguintes actuacións:

- Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais.
- Contacto bidireccional (alumnado-profesorado): hora de atención a alumnado
- Os pais e nais terán **Información diaria/semanal a través da axenda e trimestral a través do** Boletín de notas.
- Comunicación ás familias para solicitar a súa autorización no referente a: PMAR, AC,FPB.
- Coordinación entre os profesionais que atenden ó ACNEAE

Para promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento académico.
- **Cuestionarios de inicio de curso para coñecer datos do contorno socio-familiar do alumnado, hábitos de estudo, ocio e tempo de lecer, características persoais do propio alumnado.**
- Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica: tránsito da etapa de primaria a ESO, opcións académicas e profesionais dos seus fillos e fillas ao

rematar a ESO, información de outras opcións para o alumnado que se atopa en grave risco de abandono escolar.

- Reunións puntuais coa orientadora por demanda das nais, pais e titores e titoras legais do alumnado e colaboración na avaliación psicopedagóxica, cando se estime oportuna, así como tamén no propio proceso de avaliación inicial.
- Participación a través do páxina web do instituto.

### **Servizos Externos**

En canto ós servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse ós horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais do concellos de O Barco destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta cas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios levase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas fundamentalmente von **VAGALUME VALDEORRAS E OS**

### **SEUS PROGRAMAS DE:**

- Apoio a alumnado inmigrantes e con dificultades de aprendizaxe.
- Acollemento do alumnado privado de escolarización por faltas graves.
- ENCONTROS FAMILIA-ESCOLA.
- . Colaboración coa casa de Familia de **ARELA**
- . Colaboración con **Cruz Bermella**.
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de OURENSE
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da xefatura de departamento.

Actuacións cos servizos externos ao centro:

- Colaboración con servizos sociais do concello para facer o seguimento daqueles casos que se atopan en situación de desvantaxe social.
- Colaboración cos servizos sanitarios

Unidade saúde mental do Hospital COMARCAL VALDEORRAS.

- Colaboración co Equipo de Orientación Específico De Ourense..

## **9. Protocolos para a Solicitude e/ou Autorización das Medidas Extraordinarias**

### ***Adaptación Curricular Individualizada (ACI)***

#### **Proceso de elaboración**

Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das áreas ou materias do currículo, os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación sociofamiliar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como polo orientador do centro e o equipo equipo específico ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao devandito alumno ou alumna.

Os centros deberán realizar unha reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o/a titor/a, o profesorado que imparte as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas.

#### **Documento de adaptación curricular**

Os datos obtidos na avaliación diagnóstica reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará a información relativa a:

- Datos persoais do alumno ou da alumna.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno sociofamiliar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Profesionais participantes.

#### **Solicitude e autorización**

O director ou directora do centro enviará a proposta de adaptación curricular ó correspondente servizo provincial de inspección, que emitirá un informe.

#### **Rexistro.**

A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.



### **Avaliación.**

A avaliación do alumnado que siga unha adaptación curricular farase en función dos **criterios de avaliación individualizados** establecidos nela.

A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe ós pais ou responsables legais.

### **Revisión.**

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborara a adaptación.

### **Relación coas familias.**

As familias dos alumnos ou alumnas que sigan algunha adaptación curricular recibirán a información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma. No caso de desacordo poderán reclamar perante o director ou directora do centro e, de persistir na súa desconformidade, perante o servicio de inspección correspondente, que deberá resolver.

.....

### ***Agrupamentos Flexibles***

#### **Protocolo de actuación**

1. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna expresada nun informe do titor ou titora.
2. Información ós pais e o alumno por parte do titor ou titora.
3. Decisión de incorporación -acta- tomada pola comisión formada pola xefatura de estudos, xefe do departamento de orientación e titores ou titoras do alumnado proposto.

Outro alumnado: Conformidade do alumno/a, a dos seus pais ou representantes legais

4. Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do centro e da programación de aula e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos do 3º ciclo de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.

5. Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa autorización. Esta proposta incluírá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van a constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas.

## **Apoio do Profesorado de PT e/ou AL**

### **Protocolo de actuación:**

1. Solicitude do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
2. Información á familia a través do titor ou titora.
3. Proposta de apoio do departamento de orientación.
4. Información á Xefatura de Estudos.
5. Autorización da Dirección.

### ***Flexibilización da Duración do Período de Escolarización***

Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular nos ciclos.

Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial a que se refire o artigo 28 desta orde, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co profesor ou a profesora que exerzan a titoría.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización. Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requirir ao equipo de orientación específico, a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

Prazos no procedemento de flexibilización: O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante o Servizo Territorial de Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

A resolución da autorización da flexibilización comunicárselle ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.

### ***Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento,***

Procedemento para a proposta de incorporación do alumnado e a solicitude do PMAR Para determinar a incorporación dun alumno ou alumna a un programa de diversificación curricular, seguirase o proceso seguinte:

a) Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado pola persoa titora, que será remitido ao departamento de orientación e no cal se fará constar:

- A competencia curricular do alumno ou alumna en cada materia.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno se integre nun programa de diversificación curricular.

b) A xefatura do departamento de orientación procederá a realizar un informe en que se incluírán as conclusións da avaliación psicopedagóxica, o resultado da reunión da persoa titora ou orientadora co alumno ou alumna, cos pais e nais ou representantes legais, para formularlles a conveniencia da súa incorporación a un programa de diversificación curricular. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais ou representantes legais.

c) Posteriormente unha comisión formada pola xefatura de estudos, a xefatura do departamento de orientación e a persoa titora da alumna ou alumno valorará os informes emitidos e as opinións da alumna ou alumno e dos seus pais ou representantes legais e tomará a decisión que coide conveniente sobre a incorporación ao programa de diversificación curricular.

d) Envío, no mes de setembro, da proposta ao servizo provincial de Inspección Educativa para a súa autorización.

### ***Atención Educativa ao Alumnado que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo***

#### **Protocolo de actuación**

1. Solicitude da medida a instancia dos seus pais/nais ou titores legais
2. Realización do programa individualizado de atención educativa
3. Solicitude á xefatura territorial a través da Inspección

### ***Grupos de Adquisición de Linguas***

#### **Protocolo de actuación**

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
2. Informe psicopedagóxico (se procede),

3. Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual, así como no período de tutoría).

4. Información á familia.

5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

#### **Avaliación inicial do alumnado.**

A determinación das necesidades de cada alumno realizarase a través da avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ó sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da Orde do 27 de decembro de 2002. De se-lo caso, correspóndelle ao departamento de orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente.

#### ***Grupos de Adaptación da Competencia Curricular***

##### **Protocolo de actuación**

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.

2. Informe psicopedagóxico (se procede).

3. Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 10 horas semanais, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental. O alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia no resto de materias.

4. Información á familia.

5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

#### ***Exención da 2ª Lingua Estranxeira***

##### **Protocolo de actuación**

1. Proposta do equipo de profesores do curso anterior.

2. Conformidade por escrito do alumno e os seus pais.

3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.

4. No caso de alumnado de nova incorporación ó centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.

5. Autorización da dirección do centro.

#### **10. Procesos de Seguimento, Avaliación e Memoria**

A avaliación deste plan efectuarase a **dous niveis**:

1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.

2. Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

**Os criterios** de avaliación para determinar a calidade do plan de atención á diversidade son:

1. Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
2. Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
3. Adecuación da temporalización.
4. Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
5. Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
6. Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o departamento de orientación elaborará a correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

**O proceso a seguir é:**

1. Análise e valoracións a través das reunións dos titores/as co orientador.
2. Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
3. Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
4. Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
5. Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.

**A temporalización:**

1. **Avaliación inicial:** A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e as circunstancias existentes en ese momento.
2. **Avaliación continua:** Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.
3. **Avaliación final:** O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

**Os instrumentos** para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas, cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, nais e pais).

1. O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo.
2. O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
3. Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual.
4. O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

#### Artigo 12. *Estrutura.*

O Plan Xeral de Atención á Diversidade incluírá, cando menos:

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

*Artigo 13. Seguimento, avaliación e memoria.*

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

2. Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

O Barco a 14 de Outubro de 2019.

(Actualización 11 de febreiro de 2019)

Xefe de Departamento

José Fernández López.